

## DECÁLOGO DE PRINCIPIOS E COMPROMISOS COA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO DA UDC

A Universidade da Coruña establece e adopta os principios e os compromisos incluídos no decálogo aprobado pola Asemblea Xeral da CRUE (Madrid, 03/04/2006), para ter una cultura preventiva positiva, eficaz e integrada, que:

1. A prevención de riscos laborais é unha esixencia ética, legal e social que ha de ser integrada como un elemento máis de modernización e mellora da organización, en cada unha das actividades que se levan ao cabo na UDC e na actuación de todos os seus niveis xerárquicos.
2. A implicación na prevención de riscos laborais afecta a todas as persoas integrantes da comunidade universitaria, responsables de protexer a reputación da universidade.
3. Ao reitor, máximo responsable da Institución, correspóndelle dirixir a política de seguridade e saúde no traballo da UDC e asumir o liderado necesario para integrar e fomentar a prevención na Universidade con transparencia.
4. A UDC disporá dos recursos humanos e materiais precisos para desenvolver as actividades preventivas necesarias para elevar os niveis de protección da seguridade, a saúde e o benestar de todas as persoas que traballan na UDC.
5. As persoas responsables e promotoras de cada unha das actividades universitarias exercerán o liderado requirido para as desenvolver en condicións axeitadas de seguridade, saúde e protección do medio ambiente.
6. A actividade preventiva ha de ser obxecto de planificación mediante o Plan de prevención elaborado desde a perspectiva dunha seguridade integrada na actividade universitaria.
7. A UDC garantirá a formación e información en materia preventiva e a comunicación e participación da comunidade universitaria en todos os aspectos relativos á seguridade que lle poidan afectar.
8. Todas as actividades universitarias, que poidan comportar un risco, establecerán no seu deseño e desenvolvemento, mecanismos de control preventivo.
9. A Política de seguridade e saúde no traballo deberá ser acorde co resto de políticas da Universidade. Realizaranse auditorías ou outros medios de control que permitan comprobar a implantación da política de seguridade e saúde no traballo nos distintos niveis de xestión da Universidade.
10. Será obrigación de todas as persoas que integran a comunidade universitaria cumprir os principios da política de seguridade e saúde no traballo e a súa difusión.

Ed. 1  
Marzo 2020

|                               |                                                                  |         |                     |
|-------------------------------|------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Código Seguro De Verificación | +LvExQfp5YvkVFRHxYLUw==                                          |         |                     |
| Asinado Por                   | Ramón Alberto del Valle López - Xerente                          | Estado  | Data e hora         |
| Observacións                  |                                                                  | Asinado | 06/03/2020 09:57:07 |
| Url De Verificación           | https://sede.udc.gal/services/validation/+LvExQfp5YvkVFRHxYLUw== |         |                     |
|                               |                                                                  | Páxina  | 1/1                 |

